

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA 02/2022 CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/03/2022.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira
Manuel Varela Mecías
Manuel Beceiro Couce
Amparo Calvo González
Ana Belén Breixo Gundín
Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso
María Esther Díaz Vergara
José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Secretario-Interventor:

Alfonso Manuel Alcalá Pérez

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día catro de marzo do dous mil vintedous, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Nº1, ORDINARIA DE DATA 27.01.22).

Dase conta da acta da sesión Ordinaria celebrada polo Pleno o pasado día 27 de Xaneiro de 2022.

A Sra. Trigo pon en coñecemento dos presentes que existe un erro na Acta anteriormente citada. Correspondería á votación do punto Segundo da Orde do Día xa que se aproba con nove votos favorables de PP e BNG e unha abstención do representante do PSOE en lugar de seis votos favorables dos representantes do BNG e PP e unha abstención do PSOE como recolle o documento.

Non existindo máis obxeccións nin propostas de modificación, sométese de seguido a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade.

SEGUNDO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO AO CONVENIO DE DATA 18.02.2022 SUSCRITO POLA XUNTA E A FEGAMP, PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXIANCIA E CONTROL FRONTE Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA).

O Sr. Alcalde manifesta que este punto é unha cuestión de trámite polo que non existindo comentario algún nin observación procédese á votación do mesmo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, por Unanimidade, aprobase a proposta de adhesión do Concello de San Sadurniño ao Convenio de data 18.02.2022 suscrito pola Xunta e a FEGAMP, para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixiancia e Control fronte á vespa asiática (vespa velutina).

TERCEIRO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO DO DÍA 8 DE MARZO, DIAS DAS MULLERES.

O Sr. Alcalde comenta que se trasladou, por parte da Concelleira de Igualdade, aos demais grupos políticos o texto denominado “Declaración Institucional 8 de Marzo, Día das Mulleres”.

A Concelleira de Igualdade toma a palabra para ler o texto anteriormente citado.

Non existindo comentarios nin observacións procédese a someter o asunto a votación ordinaria polo que a Corporación, con todos os votos favorables, acorda aprobar por Unanimidade a Declaración Institucional polo Concello de San Sadurniño do día 8 de Marzo, Día das Mulleres.

CUARTO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO SOBRE AS PETICIÓN FORMULADAS E PRESENTADAS NO CONCELLO O DÍA 30.12.2021 POLAS CONCELEIRAS DONA MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO E DONA MARIA ESTHER DIAZ VERGARA.

O Sr. Alcalde cédelle a palabra á Sra. Trigo e á Sra. Diaz para que expoñan o contido da súa petición.

A Sra. Trigo toma a palabra e manifesta que o pasado 30 de Decembro de 2021 se presenta no Rexistro do Concello de San Sadurniño unha solicitude para apertura de oficio de Expediente contra os Concelleiros firmantes do Convenio Urbanístico coa Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño. A solicitude baséase, en liñas xerais, nos seguintes puntos:

- Existencia de actuacións que non foron correctas na firma do Convenio.
- As actuacións levadas a cabo non respetaron os dereitos e intereses da veciñanza do Concello.
- Actuacións que, nalgún momento, puideron non estar dentro do ámbito legal.

O Grupo Popular entende que as votacións que se fan no Pleno non poden ser aleatorias e conlevan a súa correspondente responsabilidade. Por todo o anteriormente exposto, están de acordo con que se abra un periodo de información así como con que se emita un informe por parte do Secretario Inverventor do Concello sobre todo o relacionado con este tema.

A Sra. Muiño, como portavoz do partido de goberno, toma a palabra e comeza puntualizando que na solicitude que se presenta no Rexistro do Concello de

San Sadurniño o que se solicita é que todas e cada unha das persoas que firmaron o Convenio Urbanístico coa Cooperativa asuman o pago que se tivo que facer co seu patrimonio persoal. De seguido explica os beneficios que supuxo a creación do Centro de Día para a veciñanza do Concello e agradece ás persoas que nese momento pensaron ademáis do interese persoal no interese colectivo e traballaron para que se chegara a este acordo. Por último, a Sra. Muiño pregúntalle ás asinantes a razón pola que o documento non se realiza en nome dos tres concelleiros dese grupo político. A pesar de todo o anteriormente descrito, comunica que o seu grupo vai dar o voto a favor a que se inicie o expediente que se solicita.

O Sr. Rodriguez na súa intervención expresa que se excede o Partido Popular na petición de respostar co patrimonio persoal e invítaos a rectificar neste senso xa que non era necesario chegar a ese punto debido a que entende que non existe dolo nin negligencia grave por parte de ningún dos asinantes. Engade que no momento da votación no Pleno estaba presente o anterior Secretario Interventor e que éste, como habilitado nacional, en ningún momento se manifestou nin verbalmente no momento da votación nin nas actas expoñendo que se estaba a cometer unha ilegalidade.

A Sra. Trigo toma a palabra contestándolle á Sra. Muiño e manifesta que o terceiro concelleiro do PP non firma o documento xa que é parte interesada. De seguido da conta do acontecido en Plenos anteriores sobre a falta da exposición pública e dos informes técnicos ou de de secretaría correspondentes.

O Sr. Alcalde remata engadindo que o punto está máis que debatido; iniciárase expediente e determinará o Concello en función dos informes que se acheguen a responsabilidade existente das persoas asinantes do Convenio.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, con todos os votos favorables, acorda aprobar por Unanimidade as peticións formuladas e presentadas no Concello o día 30 de Decembro de 2022 polas Concelleiras Maria Belen Trigo Meizoso e Esther Diaz Vergara.

QUINTO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO SOBRE A APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PROXECTO DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O ANO 2022, ASÍ COMO A RELACIÓN DO SEU PERSOAL E DISPOÑER A SUA PUBLICACIÓN DE ACORDO COA LEI.

Toma a palabra a Sra. Muiño comentando que estamos ante un orzamento para 2022 que ascende a 3.169.915,62€, cantidade que supón un incremento dun 7.68% en relación á cantidade consignada inicialmente no ano 21. Cantidade que se prevé incrementar ao longo do ano coa presentación de proxectos aos



Fondos Next Generation e aso proxectos vinculados os convenios de Transición Xusta. Foi elaborado baixo un criterio de realismo e de prudencia ante o contexto actual de incertidume. Estamos ante un orzamento que mantén a senda social que se ven facendo neste Concello e que aposta polos servizos de calidade. Ao mesmo tempo mantén un firme compromiso co mantemento e o bo funcionamento dos servizos municipais básicos. Incrementábase un 29% do capítulo 6 destinado a investimento. Destacar a aportación de 300.000€ correspondentes á rehabilitación da escola de Igrexafeita que se vai orientar os recursos sociocomunitarios no noso Concello.

O Sr. Rodriguez manifesta que non puido acceder á convocatoria con tempo por un problema informático polo que vai votar unha abstención.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, cos votos favorables de todos os Concelleiros do BNG e a abstención dos tres membros do Partido Popular así como a abstención do Concelleiro do PSOE, acorda aprobar a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do proxecto de orzamento do Concello de San Sadurniño para o ano 2022.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e dezaseis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O Alcalde,

O Secretario-Interventor

